



OBXECTO

O Equipo de dinamización da lingua galega do CIFP Rodolfo Ucha (EDLG) convoca a oitava edición do concurso de microrrelatos para fomentar a expresión e a creación en lingua galega.

PODEN PARTICIPAR

As alumnas e os alumnos matriculados no curso 2020-2021.

O resto da comunidade educativa do CIFP Rodolfo Ucha.

REQUISITOS

Cada participante elaborará un único microrrelato en lingua galega, cunha extensión máxima de 150 palabras que deberá integrar en calquera posición o enunciado seguinte:

a primeira vez que alguén

Nas 150 palabras non se contará o título, pero si o enunciado obrigatorio. Cada relato levará un título para identificalo e será asinado cun pseudónimo.

MODO DE PARTICIPACIÓN E FORMATO

Cada participante enviará un único microrrelato ao enderezo de correo edlg@cifprodolfoucha.es.

O relato, co seu título e pseudónimo, remitirase coma un ficheiro achegado a un correo electrónico. No corpo do correo constarán o nome e apelidos da persoa concursante, o curso e o ciclo no que está matriculada e o nome da súa titora ou titor. O asunto do correo electrónico será o título do microrrelato.

As obras serán da autoría da alumna ou alumno participante, orixinais, inéditas (en calquera medio ou soporte) e non terán sido premiadas en ningún outro certame.

Os/as participantes cederanlle ao EDLG o dereito para reproducir os microrrelatos nos medios nos que aquel se manifesta (revista impresa e/ou dixital, páxina web, blogues, etc.), sempre citando a autora ou autor do texto.

Non se admitirá ningún texto que non cumpra coas presentes bases ou que se envíe fóra de prazo e/ou forma.

Non se admitirán obras que atenten contra os dereitos das persoas nin que conteñan expresións discriminatorias ou ofensivas.

PRAZO

Os microrrelatos poderán enviarse á dirección sinalada ata as 23.59h do venres, día 16 de abril.

O EDLG comunicarlles aos participantes a data e medio polo que se publicará o fallo do xurado que, en todo caso, será antes de rematar o mes de abril.

XURADO

O xurado estará integrado polo responsable da biblioteca e outros cinco membros da comunidade educativa do centro.

As decisións do xurado serán tomadas por maioría e serán irrevogables. Para seleccionar o relato gañador teranse en conta criterios como a creatividade e a calidade das narracións, así como a redacción e a ortografía e, especialmente, a pertinencia e acomodo do enunciado obrigatorio nos textos. O xurado non coñecerá a autoría dos textos até despois de emitir o seu fallo.

PREMIOS

→ **Para o alumnado:**

Serán en forma de tarxeta-regalo ou bono para investir en calquera departamento dunha cadea comercial.

Establécense segundo as condicións de participación seguintes:

A. De presentárense ata vinte textos:

Un único premio: **unha tarxeta-regalo de 150 €.**

B. De presentárense máis de vinte textos:

Primeiro premio: **unha tarxeta-regalo de 150 €.**

Segundo premio: **unha tarxeta regalo de 75 €.**

Poderase anular o primeiro premio, se o xurado estima que ningún texto ten a calidade suficiente para recibilo. De darse esta situación no caso (A), o galardón pasaría a ser de 75 €.

O EDLG resérvase o dereito de declarar deserto o concurso se as obras presentadas non acadan un mínimo de calidade.

Os relatos gañadores e finalistas publicaranse na revista e na web do centro.

→ **Para o resto da comunidade educativa:**

Entregarase ao gañador ou gañadora **un libro** do autor homenaxeado polo Día das Letras Galegas, neste caso, **Xela Arias**.

Este premio fallarase a partir dunha participación mínima que neste caso será de cinco textos, e tamén poderá quedar deserto.

En ningún caso serán premiados membros do xurado.

ADHESIÓN

A participación neste concurso supón a aceptación das súas bases.